

Conselleiro, Secretarios Xerais, Delegado da Xunta, Alcaldes, Deputados provinciais, Sr. Cónsul Adxunto da República Arxentina, Luís González Tosar, alma e guía desta Insua dos Poetas, representacións, docentes, alumnos e alumnas, amigos e amigas:

O inesquecible Ramón Piñeiro, no seu ensaio *Olladas no futuro*, deixounos dito que “a poesía na lingua propia foi, e será sempre, a mellor maneira de adentrarse e de comprender a fonda significación de Galicia, o seu ser espiritual.”

De aí que hoxe nos encontremos celebrando eiquí o Día Mundial da Poesía, nun sitio onde se cumpre o pensamento de Ramón Piñeiro. Nesta Insua dos Poetas e nun acto no que se xuntan os tres elementos esenciais - constitutivos, diría eu-, da identidade galega: unha natureza ben definida (un país), un pobo (as nosas xentes, en especial os máis novos, o verdadeiro futuro) e unha nación cultural con idioma propio (a lingua que nos distingue e caracteriza, a fala na que cantaron, e seguen a cantar, os nosos poetas).

Por iso, considero acaído e pertinente renovar, neste 21 de marzo, recén estreado o equinoccio de primavera, o Manifesto do Irixo. Un compromiso que asinamos, o pasado 30 de outubro de 2021, catorce deputados da Corporación provincial de Ourense, despois de termos percorrido, a pé, oito quilómetros do Camiño de Nós (concretamente o treito que vai dende eiquí mesmo, dende a Ponte do Eixán, ata a Ponte Irixo). Parte do vieiro que fixeron, no verán do Ano Santo de 1926, entre Ourense e Compostela, os ilustres galeguistas Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Afonso Vázquez Monxardín, Lois Feixóo, Antón Sánchez e Xavier Pardo Bedia, peregrinos dunha fe na nosa terra que nós, 96 anos despois, seguimos compartindo,

Diciamos, daquela, que se conserva un vello pergamiño - o Foro do burgo de Castro Caldelas- datado en Allariz o 15 de abril de 1228, considerado, por estudosos e investigadores, como o único exemplo, latino-galego, de privilexio real outorgado por El Rei Afonso IX, último monarca privativo de Galicia e de León, *“a vós omes do boo burgo, assy aos presentes como aos que an vir, et a vossos fillos et a toda vossa deszendencia...”*

Animados polo privilexio daquel vello documento en galego, polos poetas e xograres medievais nados en Ourense que trobaron nunha lingua común para Galicia e Portugal, polas ideas do sabio Padre Feijóo, pola voz rebelde e baril de Curros Enríquez no Rexurdimento e polos escritores e escritoras que sempre nos engrandeceron; dende Lamas Carbajal a Celso Emilio Ferreiro, dende Pura e Dora Vázquez e a Xosé Luís Méndez Ferrín (só por dar uns poucos nomes). Lembramos hoxe, polo moito que significan, centos de milleiros e milleiros de ourensás e ourensáns que alentaron a fala propia nos seus fogares e nos seus traballos, nas súas vidas, dentro e fóra de Galicia, alí onde os levasen os ábregos ventos da emigración.

E así declaramos que a lingua propia, como establece o Estatuto de Autonomía, constitúe o cerne da identidade de Galicia. Por iso, dende a peculiaridade ourensá, dende a ourensanía, sentimento que trascende límites administrativos e non entende de fronteiras, algo que nace connosco e que permanece, comprometémonos a respaldar cantas medidas sexan necesarias para lograr un maior pulo normalizador que incida no emprego da lingua galega a todos os niveis.

José Manuel Baltar Blanco

Rosendo Luís Fernández Fernández

César Manuel Fernández Gil

Plácido Álvarez Dobaño

Ana María Villarino Pardo

Luz Doporto Real

Pablo Pérez Pérez

Jorge Pumar Tesouro

Patricia Torres Madureira

Montserrat Lama Novoa

Armando Ojea Bouzo

Consuelo Vispo Seara

Miguel Antonio Cid Álvarez

Álvaro José Fernández López

A poesía é, desde os comezos da humanidade, a expresión da liberdade, pero tamén pode ser lirismo puro, sátira, humor, crítica e denuncia social, exaltación da natureza, canción de amor ou desamor... e outras moitas formas de sentimento.

A poesía procura a verdade, e desde a música da palabra segue a ser útil e válida no tempo presente, por moi convulso que nos pareza. A Poesía perdurará, por iso seguiremos celebrándoa cada 21 de marzo. O meu cordial agradecemento pola vosa presenza e pola vosa participación.

Mo bo Día Mundial da Poesía.

